



BASES REGULADORAS DAS AXUDAS Á CREACIÓN ARTÍSTICA PARA ARTISTAS INDIVIDUAIS EMPADROADOS NA CORUÑA ANO 2023

De conformidade coas competencias atribuídas a este Concello polo artigo 25 letra m) da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, convócanse axudas á creación artística para artistas individuais empadroados no Concello da Coruña, durante o ano 2023 (entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023).

1. NORMATIVA APLICABLE

- 1.1. LEXISLACIÓN ESPECÍFICA.** Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o regulamento que a desenvolve; lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 1.2. NORMATIVA MUNICIPAL ESPECÍFICA.** A presente convocatoria rexerase polas bases reguladoras e polas normas contidas na ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña, aprobada polo Pleno do Concello de a Coruña en sesión celebrada con data 11 de abril de 2005 e publicado o texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia con data 25 de abril de 2005.

Na tramitación do gasto derivado desta convocatoria específica terase en conta o establecido na base 10.2b e a base 11 das bases de execución do orzamento municipal do exercicio 2023, que se atopa en situación de prorrogado do 2022.

- 1.3. TRANSPARENCIA E BO GOBERNO.** Así mesmo, co obxecto de ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública, regular e garantir o dereito de acceso á información relativa a aquela actividade e establecer as obrigacións de bo goberno, resúltalle de aplicación a lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e a Instrución de transparencia do Concello da Coruña, con data do 9 de marzo de 2016.

2. OBXECTO

- 2.1. OBXECTO.** O Concello da Coruña, con competencias para a promoción da cultura, e co obxectivo de darlle un impulso económico ó sector cultural, convoca unha liña de axudas para a creación, produción, edición e difusión artística destinada a apoiar e estimular a realización de proxectos culturais e fomentar a dinamización cultural na nosa cidade.

Coa presente convocatoria trátase de facilitar a creación de obras artísticas nas súas diferentes disciplinas e manifestacións (plásticas, audiovisuais, escénicas, literarias, musicais, ...), así como a súa produción, edición e mobilidade.

As axudas teñen por obxecto contribuír aos gastos ocasionados pola creación de proxectos artísticos durante o ano 2023 e, como finalidade, promover a investigación, creación, desenvolvemento e difusión de contidos, produtos, programas, actividades e servizos culturais.

En concreto, estas axudas incluírán todas as actividades do proxecto desde a



creación e desenvolvemento da idea inicial ata acadar o seu obxectivo final, como a estrea, presentación, exposición ou publicación do mesmo.

Os proxectos deben basearse nunha idea nova e ser de produción propia do solicitante (idea, dirección, coordinación, organización, xestión e planificación do proxecto, así como calquera outra responsabilidade, función ou actuación relacionada coa súa definición).

2.2. MODALIDADES. Poderanse solicitar axudas para proxectos de calquera das modalidades ou expresións artísticas (artes plásticas ou visuais, audiovisuais, escénicas, musicais, literarias, outras...), con liberdade de formato e técnica.

2.3. DEREITOS DE AUTORÍA. A participación na presente convocatoria supón que todas as persoas beneficiarias, de maneira expresa e para efectos da súa promoción, aceptan a condición que a seguir se indica:

O Concello da Coruña poderá utilizar a reprodución de imaxes completas das obras, ou un detalle das mesmas, para ilustrar as portadas de diferentes publicacións, páxinas web ou outros elementos de divulgación, así como a utilización de temas musicais, en parte ou na súa totalidade, no material de difusión das actividades suxeitas a esta convocatoria de axudas, facendo mención de autoría e título de obra reproducida, sen máis limitacións que as derivadas do Real Decreto Lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da lei de Propiedade Intelectual.

2.4. CRÉDITO ORZAMENTARIO. O importe global das axudas obxecto da presente convocatoria é de cento oitenta mil euros (180.000,00 €), gasto imputable á aplicación orzamentaria 10.334.48100 do orzamento municipal de 2023, que se atopa en situación de prorrogado do 2022

2.5. O crédito orzamentario é o límite do importe total das axudas que se poidan conceder.

A contía establecida poderá ser incrementada por resolución do órgano competente, previa tramitación do expediente de modificación de crédito, podendo aplicarse en tal caso á concesión da axuda sen necesidade dunha nova convocatoria.

2.6. IMPORTE DAS AXUDAS. O importe exacto das axudas concedidas adecuarase ao cadro de ingresos e gastos do orzamento e o seu déficit, ás características e entidade do proxecto e á puntuación outorgada pola mesa de avaliación, todo iso de acordo ao informe de avaliación. En todo caso, o importe máximo de cada axuda é de dez mil euros (10.000 €).

O número de axudas quedará determinado polo importe total das axudas propostas aos proxectos admitidos mellor valorados e polo crédito orzamentario dispoñible.

2.7. COMPATIBILIDADE. A obtención destas axudas é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos públicos para a mesma finalidade de promoción cultural, incluídos os premios ou bolsas de creación artística de carácter público directamente relacionados co obxecto subvencionable, que en todo caso deberán ser declarados e comunicados ao Concello.

En ningún caso o importe total dos ingresos poderá superar o custo da actividade subvencionada.

2.8. ÁMBITO TEMPORAL. O proxecto deberá ser iniciado con posterioridade ao



01.01.2023. En todo caso, só serán subvencionables os gastos que se orixinaron entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2023. A data máxima para a achega da documentación xustificativa será o 31 de xaneiro de 2024 (segundo se establece no apartado 10.8 desta convocatoria).

- 2.9. PUBLICIDADE.** A presente convocatoria anunciarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (onde se publicará un extracto da mesma) por conduto da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), incorporándose ao Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións (SNPS) <https://www.infosubvenciones.es/>.

Esta convocatoria estará a disposición na Sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gal/sede/gi>.

3. REQUISITOS E OBRIGAS

- 3.1. REQUISITOS.** Poderán ser beneficiarias das axudas as persoas solicitantes que cumpran cos seguintes requisitos, que deben manterse durante todo o período de realización da actividade subvencionada:

3.1.1. Persoas físicas, maiores de idade, empadroadas no Concello da Coruña cunha antigüidade de polo menos 2 anos, computados de forma consecutiva e anterior ao ano en que se realice a solicitude. É dicir, deben estar empadroados na cidade con anterioridade ao 01.01.2021.

3.1.2. Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Axencia Tributaria Galega, o Concello da Coruña e fronte á Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Entenderase estar ao corrente no cumprimento das devanditas obrigas con o Concello de A Coruña, no caso de atoparse presentada e concedida solicitude de fraccionamento/aprazamento de pago ou cando a execución se atopase suspendida.

O Concello de A Coruña, sempre que tecnicamente sexa posible, solicitará as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Axencia Tributaria Galega, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e o propio Concello da Coruña, para verificar o cumprimento deste apartado. Con todo, a persoa solicitante ou o seu representante poderán opoñerse expresamente á consulta ou obtención da documentación sinalada, debendo neste caso presentar a documentación acreditativa nos termos previstos regulamentariamente, achegando as certificacións acreditativas oportunas.

3.1.3. Non estar a cumprir sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa cualificada como grave ou moi grave.

3.1.4. Non estar incurso nas causas de exclusión ou prohibición para obter a condición de beneficiario/a de subvencións que se refiren no conxunto da normativa reguladora desta convocatoria.

- 3.2. OBRIGACIÓNS.** Con independencia das obrigacións que con carácter xeral se establecen na normativa reguladora referida no apartado 1, son obrigacións das persoas beneficiarias da axuda as seguintes:

3.2.1. Cumprir todos os requisitos e condicións necesarias para adquirir a condición de



persoa beneficiaria que se refiren na normativa reguladora e nesta convocatoria, e acreditalos dentro do prazo establecido.

- 3.2.2.** Comunicar ao órgano competente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera das administracións, entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos, achegando un novo orzamento axustado á nova situación.

Na xustificación deberá quedar constancia explícita tanto da existencia como da ausencia doutro tipo de ingresos ou recursos aos orzados.

- 3.2.3.** Empregar os fondos percibidos no obxecto e para a finalidade para os que foron outorgados.
- 3.2.4.** Cumprir co obxecto da axuda.
- 3.2.5.** Achegar en tempo e forma a documentación xustificativa que se describe nesta convocatoria, e conservar a mesma, con independencia do seu soporte, entremetres poida ser obxecto de requirimento pola administración.
- 3.2.6.** Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que corresponden á Intervención Xeral, en relación coa subvención concedida, así como ás actuacións de comprobación a efectuar polo órgano municipal competente, en relación co obxecto e destino da subvención concedida.
- 3.2.7.** Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento recibido, a través da incorporación dos elementos de imaxe corporativa municipal, nun lugar visible, en todas as actividades e en todos os produtos, realizados ou que se vaian a realizar, que estean vinculados ao proxecto obxecto da axuda. O proxecto quedará vinculado a esta condición sempre que se edite, presente, expoña, ... A persoa beneficiaria deberá achegar na memoria xustificativa do proxecto a documentación gráfica ou visual acreditativa do cumprimento desta obriga.
- 3.2.8.** Facer un uso inclusivo da linguaxe.
- 3.2.9.** A comunicación e a produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) á que dea lugar toda a actividade subvencionada polo Concello de A Coruña deberá estar en lingua galega.
- 3.2.10.** Reintegrar os fondos percibidos nos supostos que procedan e, no seu caso, aboar os xuros de demora que correspondan, así como as sancións que conforme á lei puidesen serlle impostas.

4. PROCEDEMENTO

- 4.1. RÉXIME.** O procedemento de concesión destas axudas se tramitará en réxime de concorrência competitiva.

4.2. ÓRGANOS COMPETENTES

- 4.2.1. TRAMITACIÓN.** Corresponde ao servizo de Cultura, que actuará en calidade de



órgano instructor.

4.2.2. RESOLUCIÓN. O órgano competente para a resolución será a Alcaldía, por delegación da Xunta de Goberno Local.

4.3. INFORMACIÓN E ASISTENCIA. Sobre o procedemento administrativo correspondente a esta convocatoria, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gal/sede/gl>, no teléfono 981 184 200, a través do sitio web municipal <https://www.coruna.gal/cultura> e/ou na dirección de correo electrónico cultura@coruna.gal

5. DOCUMENTACIÓN DA SOLICITUDE

A solicitude deberá incluír a seguinte documentación:

5.1. ADMINISTRATIVA (XENÉRICA)

- Formulario de solicitude (anexo I), no que se inclúe:
 - Declaración responsable das subvencións, axudas, ingresos e recursos solicitados e concedidos para a mesma actividade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional.
 - Declaración responsable de non estar incurso en ningún dos supostos de prohibición para obter a condición de persoa beneficiaria.
 - Compromiso de que figuren os logotipos do Concello da Coruña, nun lugar visible e de tamaño polo menos equivalente aos logotipos dos seus principais patrocinadores, en calquera das actividades realizadas con relación co proxecto achegado.
 - Compromiso de que a comunicación e a produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade, deberá estar en lingua galega. Fotocopia do DNI ou NIF do solicitante.
- Certificado actualizado de empadramento no concello da Coruña.
- Certificados de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Axencia Tributaria Galega, o Concello da Coruña e fronte á Seguridade Social.
- Certificado de datos bancarios da persoa solicitante da axuda, expedida pola entidade financeira.
- Os demais contemplados na normativa reguladora.

5.2. TÉCNICA (ESPECÍFICA)

5.2.1. PROXECTO para o que se solicita a axuda (anexo II), o máis detallado posible, no que se deberán incluír, entre outros, os seguintes puntos:

- Título do proxecto.
- Cronograma de realización do proxecto.



- Descrición das actividades do proxecto e fundamentación do mesmo.
- Obxectivos do proxecto.
- Destinatarios, indicando número e características.
- Contexto social no que se desenvolve.
- Colaboradores no proxecto (outras persoas, entidades ou apoios).
- Recursos humanos, materiais e económicos cos que se conta para a realización do proxecto.
- Ferramentas de comunicación pública e publicidade do proxecto.
- Medidas para a atención á diversidade e políticas de igualdade de xénero que se contemplan.
- Compromiso de utilización de linguaxe non sexista.
- Medidas para compatibilizar o proxecto co respecto ao medio ambiente e a súa sustentabilidade.
- Indicación da lingua a utilizar no proxecto.
- Uso do logotipo do Concello da Coruña.
- Se é posible, algunha mostra ou exemplo das actividades (pequenos extractos).

5.2.2. ORZAMENTO(Anexo III). Cadro de ingresos e gastos que detallará, da forma máis pormenorizada posible, os ingresos, excluído o importe da axuda solicitada, e os gastos do proxecto para o que se solicita a axuda, sinalando e distinguindo para ambos conceptos aqueles que dentro do período incluído nesta convocatoria teñan carácter fixo ou xa realizado, e aqueles que sexan estimacións ou previsións.

Deberán incluírse tódolos ingresos previstos, teñan ou non carácter público ou natureza subvencional, e deberán contemplarse e argumentarse adecuadamente.

Por outro lado, non se terán en conta as partidas que constitúan gastos non subvencionables, e non se computarán no orzamento nin se terán en conta para a asignación da axuda.

En ningún caso, a suma dos ingresos, incluída a axuda solicitada, pode superar o total dos gastos orzamentados.

O orzamento deberá reflectir a diferenza entre ingresos e gastos como déficit resultante do proxecto, sendo considerado este déficit como o importe da axuda solicitada, cun máximo de 10.000 €.

5.2.3. MEMORIA OU CURRÍCULUM VITAE das actividades artísticas e culturais realizadas pola persoa solicitante, no que veña detallada a súa actividade ou experiencia no ámbito cultural. Recomendase engadir unha mostra do traballo previo.

5.2.4. CARTAS DE ACEPTACIÓN OU INVITACIÓN. Nos casos de produción da obra nos que se teña convida a expoñer, editar, representar, etc., achegárase tamén



a carta de compromiso, si a houbera.

- 5.2.5. OUTRA DOCUMENTACIÓN. A documentación poderá ser ampliada polas persoas solicitantes achegando os documentos que consideren oportunos para a mellor valoración das súas solicitudes.

6. ACHEGA DE SOLICITUDES

- 6.1. MODELO. As solicitudes de axuda achegaranse usando o modelos oficiais establecidos que se adxuntan a esta convocatoria. Os documentos normalizados sinalados como anexos nesta convocatoria son de cumprimento obrigatorio.

A documentación achegarase por medios electrónicos, salvo elementos non susceptibles de formato electrónico. Utilizarse preferentemente o formato PDF e irá firmado por medios electrónicos, para evitar incompatibilidades.

- 6.2. LUGAR. As solicitudes achegaranse na sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gal/sede/gl>. No caso de achegar a documentación a través das sedes electrónicas de outros organismos, como por exemplo o Sistema de Intercomunicación de Rexistros, deberá enviarse o xustificante de presentación da solicitude por correo electrónico a cultura@coruna.gal dentro do prazo establecido, co asunto "Solicitude axuda creación artística A Coruña 2023" e indicando no corpo da mensaxe o lugar e data de presentación e o seu número de rexistro, ou achegando copia do xustificante.

- 6.3. PRAZO. As solicitudes de axuda **achegaranse no prazo de un (1) mes** contado a partir do día seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. O prazo concluirá o mesmo día da publicación, pero no mes de vencemento. Se no mes de vencemento non houbese día equivalente a aquel no que comeza o prazo, entenderase que o prazo expira o último día do mes. Se o último día de prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

- 6.4. LIMITACIÓN. Cada persoa poderá solicitar axuda para un único proxecto. O envío de máis dunha solicitude por persoa física será considerado causa de exclusión das devanditas solicitudes.

- 6.5. REPRESENTACIÓN. As solicitudes achegaranse polas propias persoas solicitantes ou por calquera persoa ou entidade que as represente, e que asegure o consentimento daquelas por calquera medio válido en dereito.

- 6.6. DOCUMENTACIÓN EN PODER DO CONCELLO. No caso de que os documentos esixidos xa estivesen en poder de calquera órgano do Concello da Coruña, o solicitante poderá absterse de achegalos sempre e cando faga constar a data e o órgano ou dependencia en que foron achegados ou, no seu caso, emitidos, e non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan. No suposto de imposibilidade material de obter algún dos documentos, o órgano competente poderá requirir á persoa solicitante ou ao seu representante a achega deste documento ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que refírese o mesmo, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

- 6.7. EMENDA DE SOLICITUDES. Se a solicitude de axuda non reúne os requisitos establecidos por esta convocatoria, incluído o defecto, erro ou ausencia nos datos



da solicitude e/ou na documentación achegada, o órgano instrutor requirirá á persoa solicitante para que emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, no prazo de dez (10) días hábiles, indicando que se non o fixese teráselle por desistido/a da súa solicitude, previa resolución. Non se admitirán cambios de título ou actividades principais do proxecto.

A notificación deste requirimento será substituída pola publicación no BOP da Coruña ao tratarse dun procedemento de concorrência competitiva, fornecendo os mesmos efectos.

- 6.8. DESISTENCIA.** Toda persoa interesada poderá desistir da súa solicitude en calquera momento previo á resolución definitiva. A desistencia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan consonte o previsto na normativa aplicable.

7. AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

- 7.1. PREEVALUACIÓN.** O órgano instrutor do procedemento de concesión de axudas realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos requisitos e dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución. As actividades de instrución comprenderán as que se indican a continuación:

- 7.1.1.** Petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver, ou que sexan esixidos por esta convocatoria específica e as demais normas que regulan esta axuda.
- 7.1.2.** Avaliación das solicitudes ou peticións, efectuada conforme os criterios, formas e prioridades de valoración establecidos no apartado 7.5.

- 7.2. MESA DE AVALIACIÓN.** As solicitudes admitidas serán avaliadas por unha Mesa de Avaliación nomeada pola Alcaldía.

- 7.2.1. COMPOSICIÓN.** A Mesa de Avaliación estará composta polas seguintes persoas membros:

- Presidente/a: Un/a funcionario/a municipal pertencente ao subgrupo A1 ou A2, e adscrito/a ao servizo de Cultura.
- Vogais: Dous técnicos/as municipais adscritos/as á Área de Cultura.
- Dúas persoas de recoñecido prestixio como representantes do sector cultural da cidade.
- Secretario/a: Un/a funcionario/a de carreira pertencente ao subgrupo A1, A2, C1 ou C2 e adscrito/a ao servizo de Cultura.

Compensarase economicamente aos representantes do sector cultural desta mesa de avaliación pola súa labor e a súa asistencia á reunións co obxectivo de avaliar os traballos achegados.

- 7.2.2. MODIFICACIÓN.** No caso de ausencia dalgunha das persoas que integran a Mesa de avaliación, serán substituídas polas persoas funcionarias designadas pola dirección da Área de Cultura do Concello da Coruña.



7.3. INFORMACIÓN ADICIONAL. A Mesa de Avaliación, a través do órgano instrutor, poderá requirir ás persoas solicitantes a documentación complementaria e aclaratoria adicional que, non estando en poder do concello, teña fundamental relevancia e relación directa coas solicitudes, a fin de permitir unha mellor avaliación das mesmas.

7.4. REQUISITOS DE AVALIACIÓN. Non serán obxecto de axuda os proxectos:

- Que non detallen adecuadamente o orzamento e as súas partidas.
- Nos que o orzamento non se corresponda co obxecto do proxecto.
- Que non obteñan un mínimo de 30 puntos no criterio de calidade do proxecto, e un mínimo de 50 puntos na valoración total.

7.5. CRITERIOS DE VALORACIÓN. A puntuación máxima alcanzable será de 100 puntos e os criterios de valoración serán os seguintes:

- Proxecto (calidade, innovación, creación, presentación).....ata 60 puntos.
- Relación coa cidade da Coruñaata 5 puntos.
- Creación artística previa (memoria ou CV)ata 10 puntos.
- Plan de difusiónata 10 puntos.
- Uso do galego nas actividades do proxecto 15 puntos.

Enténdese que se usa o galego cando a solicitude, o proxecto presentado ante o Servizo de Cultura e as actividades derivadas da creación artística se van desenvolver exclusivamente en galego.

7.6. CRITERIOS DE DESEMPATE. No caso de empate na valoración, se lle dará prioridade ao que teña maior puntuación en cada criterio avaliado, pola orde descrita no apartado anterior. No caso de que a valoración sexa exactamente igual en todos os criterios, seguirase a orde de incoación do expediente, segundo indica a lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (e dicir, terá prioridade o que presente a data de rexistro de entrada mais antiga).

7.7. INFORME DE AVALIACIÓN. Unha vez avaliadas as solicitudes, a Mesa de Avaliación deberá emitir informe no que se concretará, polo menos, o resultado das valoracións efectuadas e, á vista das contías solicitadas, os importes das axudas que se propón conceder.

7.8. REMANENTE. En caso de importe remanente, de maneira excepcional e só neste caso, permitirase a reformulación da solicitude que no informe ocupe o primeiro posto entre os proxectos sen dereito a axuda, segundo a valoración obtida, de tal modo que o solicitante poida adaptar, se o estima conveniente, a súa solicitude ao importe remanente. No caso de que este renunciara, procederase igualmente co seguinte proxecto mellor valorado. Este procedemento se limitará a dous proxectos. Finalmente, si os solicitantes renuncian, reembolsarase o remanente ás arcas municipais.

Procederase de maneira análoga no caso de renuncia, sempre que esta sexa comunicada previamente á resolución definitiva.



8. RESOLUCIÓN

- 8.1. PRAZO.** O prazo máximo de resolución e publicación da concesión das axudas é de tres (3) meses, contados a partir da data de finalización do prazo de achega de solicitudes. O vencemento deste prazo máximo sen publicar a resolución lexitima ás persoas solicitantes a entender desestimada por silencio administrativo a súa solicitude de concesión da axuda.
- 8.2. PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL.** O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe do órgano colexiado, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada. A proposta de resolución provisional non crea dereito algún a favor da persoa beneficiaria proposta fronte á administración, en canto non se publique a resolución definitiva da concesión.
- 8.3. PUBLICACIÓN.** A proposta de resolución provisional publicarase mediante anuncio público na data seguinte á da súa aprobación polo órgano competente, nos seguintes taboleiros e lugares de difusión:
- A páxina web municipal <https://www.coruna.gal/cultura>
 - O Taboleiro de Anuncios e Edictos da sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gal/sede/gl>
 - O Portal de Transparencia do Concello da Coruña <https://www.coruna.gal/transparencia/gl/claridade-na-xestion/subvencions-e-axudas?argIdioma=gl>
- 8.4. PERÍODO DE ALEGACIÓNS.** Trala publicación da proposta de resolución provisional, concederáselle ás persoas solicitantes un prazo de dez (10) días hábiles para facer as alegacións que estimen convenientes.
- 8.5. PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA.** Examinadas as alegacións achegadas, o órgano competente formulará a proposta de resolución definitiva, que deberá expresar a relación de solicitantes que cumpren os requisitos necesarios para os que se propón a concesión da axuda, o seu importe, a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectuala.
- 8.6. RESOLUCIÓN DEFINITIVA.** Aprobada a proposta de resolución definitiva, o órgano competente resolverá o procedemento. A resolución incluírá a relación ordenada de solicitantes que cumpren todas as condicións administrativas e técnicas establecidas nas bases reguladoras para adquirir a condición de persoa beneficiaria aos que se lles concede a axuda, e fará constar de maneira expresa a desestimación do resto das solicitudes.
- A concesión da axuda non xera dereito algún á percepción da mesma en futuras convocatorias, nin implica a cesión de espazos ou outros recursos municipais á persoa beneficiaria, aínda que o Concello da Coruña, baixo a correspondente solicitude, proporcionará os medios dos que dispoña, sen prexuízo da utilización xa programada con anterioridade.
- 8.7. PUBLICACIÓN.** A notificación da resolución será substituída pola publicación no BOP de A Coruña ao tratarse dun procedemento de concorrncia competitiva, fornecendo os mesmos efectos. A resolución definitiva publicarase, ademais, nos mesmos lugares e medios indicados no apartado 8.3.



- 8.8. ACEPTACIÓN DA AXUDA E PAGO ANTICIPADO.** As persoas interesadas que fosen propostas como beneficiarias enténdese que aceptan a axuda concedida se non presentan alegacións contra a proposta de resolución provisional.

Unha vez concedida definitivamente a axuda, procederase a tramitar o pago anticipado de acordo co previsto na cláusula 9. Non obstante, no caso de que a persoa beneficiaria non desexe que se lle realice o pago anticipado, deberá presentar un escrito ante o Servizo de Cultura, por rexistro, no prazo máximo de 3 días hábiles a partir do día seguinte ao de publicación da resolución definitiva no BOP.

- 8.9. RECURSOS.** A resolución do procedemento poñerá fin á vía administrativa e contra a dita resolución caberá a interposición de recurso contencioso-administrativo no prazo de dous (2) meses.

Con todo, as persoas interesadas poderán, con carácter potestativo, presentar recurso de reposición ante o propio órgano que ditou a resolución no prazo dun mes. Neste caso, o prazo para a achega do recurso contencioso administrativo comezará a contar desde a notificación da resolución expresa do recurso.

No caso de desestimación presunta, que se producirá no prazo dun mes se non se resolve o recurso de reposición interposto, a interposición do recurso contencioso-administrativo non estará suxeita a prazo de caducidade.

9. PAGAMENTO DAS AXUDAS

- 9.1. ABOAMENTO.** O pagamento das axudas realizarase en dous prazos, mediante o ingreso na conta bancaria indicada pola persoa beneficiaria, do seguinte modo:

- Anticipo da axuda concedida, trala publicación da resolución definitiva e sempre e cando non se renuncie expresamente ao pago anticipado, por a cantidade do 100% do importe solicitado e cunha retención do 10% en concepto de garantía.
- O 10%, correspondente á garantía establecida polo pagamento anticipado, será aboado unha vez figuren en poder do órgano tramitador, en tempo e forma, a conta xustificativa da actividade realizada e os xustificantes requiridos tras a mostraxe, e realizado o correspondente informe favorable.

9.2. REQUISITOS.

- Para poder percibir cada un dos pagamentos, a persoa beneficiaria deberá acreditar que se atopa ao corrente nas súas obrigacións tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Axencia Tributaria Galega, o Concello da Coruña e fronte á Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- A persoa beneficiaria deberá achegar o modelo de alta ou de modificación de terceiros, onde figuren os datos bancarios en formato IBAN, que poderá descargarse no seguinte enlace:

https://sede.coruna.gal/descarga/1390788791572/mod040_Terceros_campos.pdf

- 9.3. IRPF.** Nos casos en que proceda, aplicarase a retención do IRPF aplicable segundo a normativa vixente.



10. XESTIÓN E XUSTIFICACIÓN

10.1. AFECTACIÓN. As axudas son directas e intransferibles. A cantidade económica concedida terá como obxecto contribuír aos gastos ocasionados pola realización do proxecto.

10.2. SUBCONTRATACIÓN. Enténdese por subcontratación a contratación con terceiras persoas que non sexan o/a propio/a beneficiario/a da subvención para a realización da actividade que é obxecto da axuda. É dicir, a creación artística, dirección do proxecto, organización ou calquera outra responsabilidade, función ou actuación relacionada coa súa definición e estruturación.

A subcontratación así definida está prohibida.

10.3. CONTRATACIÓN. Permitirase a contratación de todos os gastos necesarios para a realización da actividade e a correcta execución do proxecto, sempre e cando non se trate de gastos propios de subcontratación.

Neste sentido, en función da envergadura do proxecto e da dificultade técnica para a súa realización, pódese contratar con terceiras persoas ou empresas, se así se xustifica debidamente no proxecto, a axuda á dirección técnica, axuda á dirección artística, axuda á coordinación ou calquera outro gasto similar que sexa preciso para a correcta execución do proxecto.

No caso de que se pretenda contratar con persoas ou entidades vinculadas coa persoa beneficiaria (familiares, empresas vinculadas, etc.) deberase pedir autorización previa no momento da solicitude da axuda e deberase xustificar adecuadamente que o gasto presenta valores de mercado.

10.4. PERSOAS E ENTIDADES VINCULADAS. No caso de contratación, non poderá concertarse a contratación das actividades obxecto da axuda coas persoas ou entidades que se refiren no artigo 29.7 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. En particular, prohíbese a concertación con persoas ou entidades vinculadas coa persoa beneficiaria, tal e como se definen no artigo 68.2 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións. Como únicas excepcións, admitiranse aquelas nas que concorran as seguintes circunstancias:

- Acreditar que a contratación se realiza coas condicións normais de mercado. Esta acreditación debe concretarse en que a entidade vinculada debe achegar relación de gastos, do mesmo xeito que a persoa beneficiaria ten que presentar e acreditar o resto de gastos na súa conta xustificativa. Estas contas estarán suxeitas a revisión cos mesmos criterios que se expoñen para a conta xustificativa da subvención no punto 10.9.
- Obter autorización previa do órgano concedente.

10.5. GASTOS SUBVENCIONABLES. Son aqueles nos que non se incorrería de non realizarse o proxecto, que de maneira indubidable responden á natureza da actividade obxecto de axuda, se orixinan dentro do período subvencionable, o seu importe en ningún caso é superior ao valor de mercado e son abonados directa e efectivamente pola persoa beneficiaria.

En calquera caso, considéranse gastos subvencionables:



- Os relacionados con a edición e/ou publicación das obras, a representación, a estrea ou a exposición, entre outros.
- A adquisición dos materiais e dos útiles necesarios para a produción da obra e que se esgoten coa mesma. Os materiais consumibles deberán aplicarse e consumirse no prazo de realización da actividade subvencionada.
- Posibles alugueres de bens necesarios e arrendamentos financeiros (agás o exercicio da opción de compra) directamente relacionados coa creación ou execución do proxecto.
- Custo en concepto de soporte básico de dedicación (SBD) destinado ao estímulo á creación, que apoia o labor do artista na súa vertente creativa e como soporte transversal.

Terá un límite de dous mil euros (2.000 €) nas axudas concedidas por importe de 10.000 €. Nos casos de axudas de importes inferiores, esta cantidade será como máximo do 20% do custo total do orzamento achegado coa solicitude.

Esta contía estará vinculada á execución do proxecto e á xustificación do mesmo. No caso de xustificar unha cantidade distinta á dos gastos orzamentados, o importe se axustará de maneira proporcional.

- A manutención, o aloxamento e os custos da propia viaxe e dos desprazamentos, motivados pola realización do proxecto fora do Concello de A Coruña, sempre que os seus importes se axusten ás contías fixadas para o grupo 2 polo RD 462/2002, do 24 de maio, de indemnizacións por razón de servizo.
- Os gastos de asesoría ou xestoría directamente relacionados coa actividade subvencionada.
- Gastos bancarios ocasionados polo mantemento da conta esixida para o ingreso da axuda e os pagos correspondentes.
- Intereses derivados da financiación externa do proxecto.
- Gastos de publicidade (carteis, promoción en redes sociais, anuncios e cuñas publicitarias en prensa e radio, ...).
- O IVE soportado, nos casos nos que a persoa beneficiaria non deba presentar as correspondentes liquidacións de IVE, e sempre que faga constar esta circunstancia na xustificación. Se a persoa beneficiaria está dada de alta no IAE como profesional, e achega liquidacións de IVE, en caso de incluír como gasto subvencionable algún importe de IVE soportado non deducible, e sempre que faga constar esta circunstancia na xustificación, unicamente considerárase subvencionable a parte do gasto non susceptible de recuperación ou compensación.
- Outros tributos, cando a persoa beneficiaria os abone efectivamente.

10.6. GASTOS NON SUBVENCIONABLES. Serán aqueles descritos como tales na normativa reguladora. A título de exemplo, e sen ánimo exhaustivo, considéranse gastos non subvencionables os seguintes:

- Gastos non relacionados directamente coa execución do proxecto.



- Pagamentos a outras persoas ou entidades en concepto de xestión e/ou asesoría, cando non estean directamente relacionados coas actividades do proxecto.
- Adquisición de inmovilizado, tanto material como inmaterial, elementos amortizables, material inventariable e todo aquilo que incrementa o patrimonio da persoa beneficiaria (por exemplo, equipos informáticos e técnicos, maquinaria, mobiliario, ferramentas ou dereitos de calquera tipo).
- Gastos en artigos de promoción (tales como camisetas, bolsas, bolígrafos,...).
- A cota de autónomos, por ser un gasto indirecto que debe soportar a persoa beneficiaria.
- Os honorarios ou retribucións da persoa beneficiaria.
- Impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, e os impostos persoais sobre a renda.

10.7. XUSTIFICACIÓN. Débense xustificar todos os ingresos e os gastos do proxecto subvencionado, e non unicamente o importe da axuda recibida (no caso no que o importe do proxecto supere o valor da subvención).

- Documentación acreditativa de gasto:

Só serán admitidas as facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

Contido mínimo:

- Número de factura.
- Fecha de expedición.
- NIF ou CIF, nome e apelidos ou razón social e domicilio, do provedor e da persoa beneficiaria.
- Descrición da operación, detallando a compra de materiais, prestación de servizos ou entrega de ben, a data, as unidades e o prezo por unidade, con indicación expresa da finalidade do gasto e do nome do proxecto.
- Base imponible, tipo de IVE aplicado e cota tributaria. No caso de facturas exentas de IVE, referencia á normativa aplicable. No seu caso, retención do IRPF aplicada polo provedor.

No seu caso, achegaranse nóminas, boletíns de cotización á Seguridade Social e declaracións trimestrais (ou mensuais) e anuais das retencións do IRPF practicadas.

Os xustificantes orixinais se marcarán cunha estampilla que indique a subvención para cuxa xustificación se achega e se se imputa á mesma o importe total ou parcial do xustificante. No caso de imputación parcial, se indicará a contía exacta que resulta afectada pola subvención.

Os xustificantes han de estar emitidos durante o ano 2023, non admitíndose os que teñan data posterior a 31 de decembro de 2023.

- Documentación acreditativa de pago dos gastos realizados:

Os pagos faranse a través dunha conta bancaria cuxo único titular sexa a persoa



beneficiaria, e que se destinará exclusivamente á realización de cobros e pagamentos vinculados coa subvención concedida, a efectos da súa correcta xustificación.

➤ Medios de pago aceptados:

- ✓ Transferencia bancaria: deberá achegarse o xustificante bancario da transferencia.
- ✓ Ingreso en conta: deberá achegarse o xustificante bancario do ingreso.
- ✓ Cheque nominativo ou cheque bancario nominativo: deberá achegarse unha copia do documento e o xustificante do cargo na conta da persoa beneficiaria (que debe figurar con data anterior o 31 de xaneiro de 2024). Os cheques non nominativos non son válidos.

Nestes casos, o xustificante debe informar do emisor do pago (que debe ser a persoa beneficiaria), do receptor/a (que debe ser o provedor/a), dos correspondentes números de conta, da data de pago, do importe (que debe coincidir co indicado na factura) e do número de factura pagada.

- ✓ Tarxeta bancaria: os pagos deben relacionarse de maneira inequívoca coa factura correspondente.

Neste caso, os xustificantes necesarios serán o certificado bancario onde conste a titularidade da tarxeta bancaria (debe ser a persoa beneficiaria da subvención) e a conta asociada de cargo (debe ser a achegada coa solicitude), o detalle de cada gasto pagado coa tarxeta (no que conste número de tarxeta, provedor, importe, data de pago e número de factura) e o detalle de cargo en conta (si é de débito) ou o listado de movementos coa data de cargo en conta (si é crédito).

- ✓ Pago en efectivo: se admitirá para o pago de facturas de baixo importe, co límite de 500 € por provedor.

Neste último caso, a factura debe vir coa indicación de que foi pagada ou cobrada en efectivo, firmada polo provedor (ou representante) e co selo do establecemento.

➤ Medios de pago non aceptados:

- x Pagos realizados a través de plataformas de pago que non emiten xustificantes válidos para a súa correcta xustificación (por exemplo, Bizum).

- x Pagos a través de terceiros.

A data dos pagos debe ser anterior a 31 de xaneiro de 2024.

10.8. CONTA XUSTIFICATIVA SIMPLIFICADA. A persoa beneficiaria deberá achegar dentro do prazo previsto unha conta xustificativa simplificada, na que se incluírán, baixo a súa responsabilidade, os seguintes documentos:

- Impreso de solicitude de xustificación (anexo IV).
- Memoria de actuación documental e gráfica (anexo V) xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da axuda, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Balance de ingresos e gastos realizados (anexo VI), de forma que se poida comprobar a concordancia co orzamento inicial achegado.

No seu caso, cadro de desviacións do balance con respecto ao orzamento inicial e



informe explicativo das desviacións.

- Unha relación clasificada dos gastos da actividade (anexo VII), con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento.
- Un detalle doutros ingresos, subvencións ou axudas que financiasen a actividade obxecto desta axuda (anexo VIII), con indicación do importe e a súa procedencia. En caso de non habelos, indicárase tamén esta circunstancia no modelo creado ó efecto.
- No seu caso, carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como dos intereses derivados dos mesmos.

10.9. MODELOS. Para a presentación desta documentación serán de utilización obrigatoria os modelos incluídos a tal fin como Anexos desta convocatoria. Ademais, a persoa beneficiaria poderá facer chegar a documentación complementaria que considere necesaria.

10.10. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN. A conta xustificativa simplificada deberá presentarse na sede electrónica do Concello da Coruña <https://sede.coruna.gal/sede/gl> con destino ao servizo de Cultura, unha vez alcanzados os obxectivos establecidos no proxecto e, en todo caso, antes do 31 de xaneiro de 2024.

Unha vez transcorrido o prazo de xustificación sinalado nestas bases sen que a persoa destinataria da axuda presente a documentación xustificativa, a unidade xestora requiriralle para que a presente no prazo improrrogable de dez (10) días desde a notificación.

10.11. COMPROBACIÓN. Se comprobarán, a través dos criterios de mostraxe que se indican de seguido, os xustificantes que se estime oportuno e que permitan obter unha evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da subvención, a cuxo fin se poderá requirir á persoa beneficiaria, no prazo máximo de catro (4) anos a contar desde a finalización do prazo para a achega da conta xustificativa, para que achegue todos os xustificantes dos gastos e dos correspondentes pagos nos termos que se indican a continuación.

10.11.1. CRITERIOS DE MOSTRAXE. Comprobaranse todos os xustificantes que superen individualmente o 25 por 100 do importe imputado da subvención concedida. Do resto dos xustificantes, comprobarase unha mostra de elementos que, polo menos, supoña a seguinte porcentaxe respecto do número de elementos da relación da mostraxe:

- 1º. Se o número de xustificantes fose inferior ou igual a dez: 100 por 100.
- 2º. Se o número de xustificantes fose superior a dez e inferior ou igual a vinte: 50 por 100.
- 3º. Se o número de xustificantes fose superior a vinte e inferior ou igual a cincuenta: 30 por 100.
- 4º. Se o número de xustificantes fose superior a cincuenta e inferior ou igual a cen: 20 por 100.
- 5º. Se o número de xustificantes fose superior a cen: 10 por 100.



Para garantir a aleatoriedade na selección da mostra, aplicarase o seguinte procedemento de selección:

Os xustificantes que van ser obxecto da mostraxe serán os que conforman a relación presentada pola persoa beneficiaria menos os que, por razón do seu importe, vaian ser obxecto de comprobación directa.

Numeraranse sucesivamente os xustificantes que van ser obxecto de mostraxe, conforme á orde da relación clasificada de gastos achegada pola persoa beneficiaria na conta xustificativa.

Determinarase o volume dos xustificantes que conformarán a mostra para seleccionar conforme ao indicado anteriormente. Ou sexa, aplicando a porcentaxe que corresponda en función do número que compoñen os xustificantes obxecto da mostraxe.

Obterase o cociente resultante de dividir o número de elementos que conforman a relación da mostraxe entre o número de elementos da mostra, redondeando os decimais ao número enteiro máis próximo.

Seleccionarase aleatoriamente o primeiro xustificante da mostra do seguinte modo:

O número de orde do xustificante que se debe seleccionar coincidirá co resultado de sumarlle ao cociente, calculado anteriormente, o número do primeiro dígito da dereita que conste na data do asento rexistral da presentación da conta xustificativa (o correspondente ao número dos segundos).

Os restantes elementos de mostra determinaranse aplicando unha progresión aritmética de razón igual ao cociente calculado. Se finalizase a selección de documentos e non se chegase ao número de documentos sinalados na mostra, sería necesario continuar contando a partir do último documento seleccionado e continuar polo principio da listaxe ata alcanzar o número que corresponda. Se este coincidise con algún dos xa seleccionados, escolleríase o seguinte.

10.11.2. No caso de que algún dos xustificantes seleccionados presentase algunha irregularidade que impida obter a evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da subvención, deberá a persoa beneficiaria presentar todos os xustificantes de gasto co fin de que se poida avaliar o alcance do incumprimento e, en consecuencia, o cálculo do importe da subvención que se debe reintegrar, no seu caso

10.11.3. Cando o órgano competente para a comprobación da subvención aprecie a existencia de erros subsanables na xustificación achegada pola persoa beneficiaria, o poñerá no seu coñecemento e lle concederá un prazo de dez (10) días para a súa corrección.

11. RENUNCIA Á AXUDA E PERDA DO DEREITO AO COBRO

11.1. A renuncia á axuda por parte da persoa beneficiaria, unha vez iniciado o goce da mesma, deberá ser comunicada mediante o correspondente escrito dirixido ao servizo de Cultura do Concello da Coruña.

A renuncia dará lugar á devolución do importe recibido, así como aos xuros de demora correspondentes, desde o momento do pagamento da axuda ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro ou a data na que o debedor ingrese o



importe correspondente, se é anterior a aquela, consonte o establecido no artigo 34.3 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 31.5 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

11.2. Producirase a perda do dereito ao cobro da axuda concedida no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas de reintegro previstas no artigo 37 da lei xeral de subvencións e no artigo 45 da ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña. Nos casos en que proceda, aplicarase ao reintegro parcial a porcentaxe de incumprimento que se establece no artigo 46 da anterior ordenanza.

11.3. O Concello da Coruña solicitará o reintegro das cantidades percibidas, coa esixencia do interese de demora correspondente, desde o momento do aboamento da axuda ata a data do acordo de reintegro, nos seguintes supostos:

- Incumprimento dos obxectivos, da actividade ou proxecto, ou a non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da axuda.
- Incumprimento do deber de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da lei xeral de subvencións.
- En caso de xustificar fora do prazo, e tralo requirimento efectuado consonte o sinalado no artigo 70.3 do regulamento xeral de subvencións.
- Incumprimento do deber de adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 18.4 da lei Xeral de Subvencións.
- Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control previstas nos artigos 14 e 15 da lei xeral de subvencións.
- Incumprimento dos deberes establecidos con motivo da concesión da axuda.
- Calquera outra causa das previstas nos artigos 32 e seguintes da lei 9/2007 de subvencións de Galicia, nos artigos 74 a 76 do regulamento xeral para a aplicación da citada lei e no artigo 45 da ordenanza xeral de subvencións da Área de Benestar do Concello da Coruña.

11.4. O procedemento para o reintegro será o establecido polos artigos 41 e 42 da lei xeral de subvencións e polos artigos 91 e seguintes do regulamento xeral de subvencións, e a restante normativa aplicable.

12. RECURSOS. As presentes bases e cantos actos administrativos derivasen das mesmas, poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e na forma prevista na lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

13. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL. De conformidade coa lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais recollidos na tramitación desta convocatoria de axudas, cuxo tratamento e publicación autorizan as persoas interesadas mediante a achega das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar ás persoas interesadas sobre o seu



desenvolvemento, sendo o órgano responsable do mesmo o Concello da Coruña.

As persoas interesadas poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos rexistrados neste ficheiro mediante unha comunicación por escrito dirixida ao Rexistro Xeral do Concello da Coruña, situado na praza de María Pita 1, 15001, A Coruña, coa seguinte referencia na súa carta: "LOPDGDD Exercicio de dereitos". Xunto coa súa solicitude escrita e asinada, deberá acreditar a súa personalidade achegando a fotocopia do DNI. Tamén o poderá facer a través da sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gal/sede/gl>.

ANEXOS

Anexos de solicitude:

- I. Solicitude de concesión
- II. Proxecto
- III. Orzamento

Anexos de xustificación:

- IV. Solicitude de xustificación
- V. Memoria de actividades realizadas
- VI. Balance
- VII. Relación de gastos
- VIII. Certificación de axudas e outros ingresos